



Ao amparo do establecido pola Disposición Transitoria Terceira da *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia*, o proceso de concentración parcelaria para a zona de **OLEIROS (SILLEDA – PONTEVEDRA)** acordado por Decreto 2145/1969, e no que non se levaron a cabo ningún tipo de actuacións, pasou a ter a consideración de zona de reestruturación parcelaria.

O perímetro inicial da zona require a súa rectificación como consecuencia das esixencias medioambientais recollidas en resolución de 1 de xullo de 2011 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, así como para adaptarse ás unidades xeográficas e naturais existentes tal e como se recolle no artigo 23 da antedita Lei 4/2015, do 17 de xuño.

Vista a proposta emitida polo Servizo de Infraestruturas Agrarias desta Consellería do Medio Rural en Pontevedra, a "Ley de Reforma y Desarrollo Agrario, de 12 de enero de 1973", a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais disposicións vixentes aplicables,

Esta Dirección Xeral, ao amparo do disposto na lexislación vixente, **RESOLVE** rectificar o perímetro da zona quedando tal e como se reflicte no plano que se achega á presente resolución.

Santiago de Compostela

O director xeral de Desenvolvemento Rural

Miguel Ángel Pérez Dubois

(Asinado dixitalmente).

